

COTAS DE INSCRIPCIÓN NAS XORNADAS:

- Membros da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG Gratuíta
- Psicólogos/as Colexiados/as 60,00 €
- Estudantes de Psicoloxía e psicólogos/as Colexiados/as
desempregados/as 30,00€
- Psicólogos/as non Colexiados/as..... 120,00€
- Outros/as profesionais 120,00€
- Cea oficial das Xornadas 26,00€

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

XXIV XORNADAS DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG "ACCESIBILIDADE Á ATENCIÓN PSICOLÓXICA DURANTE E DESPOIS DUNHA CATÁSTROFE: EXPERIENCIA TUI-PARAMOS"

Nome e Apelidos:

Nº de Colexiado/a:

Tfno./E-mail:

Enderezo

C.P. / Concello:

Profesión:

Centro de Traballo:

Data:

- MEMBRO DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG
- PSICÓLOGO/A COLEXIADO/A
- PSICÓLOGOS/AS COLEXIADOS/AS DESEMPREGADOS/AS
- PSICÓLOGO/A NON COLEXIADO/A
- ESTUDANTE DE PSICOLOXÍA
- OUTROS/AS PROFESIONAIS
- OBRADOIRO 1 OBRADOIRO 2
- CEA OFICIAL DAS XORNADAS

Solicito factura (Achegar datos fiscais)

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremoslos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderá, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio (No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro)

XÚNTASE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA A ABANCA, Nº CONTA CORRENTE: ES64-2080-0316-23-3040008164

INSCRIPCIÓN NAS XORNADAS

Directamente nos locais do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente número: ES64 2080 0316 23 3040008164 (Abanca).

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, banca online ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

As Xornadas terán un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar as Xornadas entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: **4 de novembro de 2018.**

ORGANIZA:



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

COLABORAN:



CONCELLO DE TUI



ORDEM
DOS
PSICÓLOGOS



XXIV XORNADAS DA SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

ACCESIBILIDADE Á ATENCIÓN PSICOLÓXICA DURANTE E DESPOIS DUNHA CATÁSTROFE: EXPERIENCIA TUI-PARAMOS

14, 15 e 16 de novembro de 2019
Edificio da Área Panorámica de Tui

COMITÉ ORGANIZADOR

Dolores González Cabaleiro, G-1958. Presidenta.
Alicia Carballal Fernández, G-3097. Vogal.

COMITÉ CIENTÍFICO

Soledad Ozores Dopereiro, G-2463. Presidenta
Noelia Arias González, G-3402. Vogal

En trámite a solicitude de acreditación como actividade de formación continuada do Sistema Nacional de Salud

PROGRAMA

XOVES, 14 DE NOVEMBRO DE 2019

De 17:00 a 20:00 horas. Obradoiros

Obradoiro 1: Intervención en trauma con nenos, nenas e adolescentes. Grupo Pinhal do futuro, proxecto para prestar apoio psicolóxico a nenos e nenas e nenos das zonas afectadas dos incendios en Portugal do ano 2017.

Daniel María Bugalho Rijo. Doutor en Psicoloxía. Profesor auxiliar na Facultade de Psicoloxía e de Ciéncias da Educación da Universidade de Coimbra.

María Cristina Canavarro. Doutora en Psicoloxía. Profesora da Facultade de Psicoloxía e de Ciéncias da Educación da Universidade de Coimbra.

Obradoiro 2: Intervención grupal post catástrofe. Grupo de sismos de Lorca-Murcia. **Carmen Egea Durán.** Psicóloga Clínica da Unidad de Salud Mental Comunitaria de Albox (Área de Gestión Sanitaria Norte de Almería).

20:30 horas. Visita turística polo casco vello do Concello de Tui.

VENRES, 15 DE NOVEMBRO DE 2019

De 9:00 a 9:30 horas. Entrega de documentación.

De 9:30 a 9:45. Acto inaugural das Xornadas.

Don Enrique Cabaleiro González. Alcalde do Concello de Tui.

Dona Mª Rosa Álvarez Prada. Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Don Eduardo Carqueja. Presidente da Delegación Rexional Norte da Ordem dos Psicólogos Portugueses.

Dona Dolores González Cabaleiro. Presidenta do Comité Organizador das Xornadas.

De 10:00 a 11:00 horas. Conferencia inaugural. Impacto das catástrofes na saúde mental: intervención psicolóxica desde o "Proxecto Pinhal do Futuro" (Incendios en Pedrógão Grande 2017).

Daniel María Bugalho Rijo. Doutor en Psicoloxía. Profesor auxiliar na Facultade de Psicoloxía e de Ciéncias da Educación da Universidade de Coimbra.

Coordina: Dolores González Cabaleiro, G-1958. Presidenta do Comité Organizador das Xornadas.

De 11:00 a 11:30 horas. Presentación do Anuario da Sección.

De 11:30 a 12:00 horas: Descanso.

De 12:00 a 13:30 horas. Mesa 1 "Intervención na catástrofe. Caso Paramos".

Coordina: Soledad Ozores Dopereiro, G-2463. Presidenta do Comité Científico das Xornadas.

✓ Intervención psicolóxica.

Ana Isabel Martínez Arranz, G-2573. Psicóloga Xeral Sanitaria. Psicóloga dos Servizos Sociais en Camariñas. Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía no momento da explosión.

✓ Intervención desde o traballo social.

Carmen María González Fernández. Traballadora Social do Concello de Tui.

✓ Membros da Asociación de afectados de Paramos.

Pablo Domínguez Martínez. Membro da Asociación de afectados de Paramos.

Pilar González Suárez. Membro da Asociación de afectados de Paramos.

De 16:00 a 17:30 horas. Mesa 2 "Intervención post-catástrofe" 1º parte.

Coordina: Noelia Arias González, G-3402. Vogal do Comité Científico das Xornadas.

✓ Intervención en Atención Primaria Caso Paramos.

Irene Esperón Rodríguez, G-1921. Facultativa Especialista da Área de Psicoloxía Clínica da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Vigo (SERGAS). Responsable da intervención psicolóxica no centro de saúde de Tui tras a catástrofe de Paramos.

✓ Intervención en hospitalización caso do accidente do tren Alvia en Santiago de Compostela 2013.

Rebeca Deus Fernández, G-4184. Psicóloga Clínica. Cruz Vermella A Coruña.

✓ Intervención no sismo de Lorca 2011.

Ascensión Garriga Puerto. Psicóloga Clínica. Unidade de docencia, investigación e formación de Saúde Mental no Servizo Murciano de Saúde. Responsable do programa de atención psicolóxica en atención primaria tras os sismos de Lorca.

De 17:30 a 18:00 horas. Descanso café. Pósteres.

De 18:00 a 19:30. Mesa 3 "Intervención post-catástrofes". 2ª parte.

Coordina: Alicia Carballal Fernández, G-3097. Vogal do Comité Organizador das Xornadas.

✓ Intervención en incendios Portugal. Proxecto Pinhal do futuro.

María Cristina Canavarro. Doutora en Psicoloxía. Profesora da Facultade de Psicoloxía e de Ciéncias da Educación da Universidade de Coimbra.

✓ Cruz Vermella. Intervención en Paramos.

Mercedes Míguez González, G-2409. Psicóloga e Directora da Cruz Vermella Española – Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social (CIIES) Vigo.

✓ Grupo de traballo post-catástrofes.

Cristina Prieto Fernández, G-3551. F.E.A. de Psicóloga Clínica da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Vigo (SERGAS). Coordinadora do grupo de traballo do observatorio post-catástrofes da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

19:30 horas. 1ª convocatoria da Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

20:00 horas. 2ª convocatoria da Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

22:00 horas: Cea oficial.

SÁBADO, 16 DE NOVEMBRO DE 2019

De 10:00 a 10:30 horas. Comunicacóns libres.

Coordina: Dolores González Cabaleiro, G-1958. Presidenta do Comité Organizador das Xornadas.

De 10:30 a 12:00 horas. Mesa 4 "Vixilancia da saúde mental dos e das profesionais emerxencistas: posible afectación, intervencións e coidados".

Coordina: Soledad Ozores Dopereiro, G-2463. Presidenta do Comité Científico das xornadas.

✓ Repercusións do traballo nas catástrofes na saúde mental dos e das profesionais.

Mª Jesús Taboada Costas, G-2447. Psicóloga membro do Grupo de Apoio a Intervencións (GAI) do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

✓ Formación psicolóxica doutros e doutras profesionais de emerxencias.

Mª Elena González Cid, G-3088. Psicóloga do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG. Formadora da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

✓ Reflexións sobre o coidado de intervinientes e a autoprotección na axuda a persoas en situación de adversidade.

Miguel Anxo García Álvarez, G-0414. Facultativo Especialista de Área Psicoloxía Clínica do Hospital Universitario de Santiago de Compostela.

De 12:00 a 12:30 horas. Descanso café.

De 12:30 a 13:30 horas. Conferencia de clausura. Intervención post catástrofe en Lorca.

Julio César Martín García-Sancho. Psicólogo Clínico. Xefe de servizo de programas asistenciais de adultos e rehabilitación. Xestión da resposta de saúde mental tras os sismos de Lorca.

Coordina: Alicia Carballal Fernández, G-3097. Vogal do Comité Organizador das Xornadas.

13:30 horas. Acto de clausura. Entrega de premios á mellor comunicación libre e ao mellor póster.

José Eduardo Rodríguez Otero, G-3407. Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Soledad Ozores Dopereiro, G-2463. Presidenta do Comité Científico das xornadas.

PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE COMUNICACIÓNS LIBRES E PÓSTERES PARA AS XXIV XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG.

Os colexiados e colexiadas que o desexen poderán presentar comunicacións libres e pósteres que aborden calquera temática relacionada coa psicoloxía clínica.

1. Temática: Os traballos poderán tratar, desde unha perspectiva científica, calquera temática relacionada coa Psicoloxía Clínica, valorándose de xeito especial o enfoque aplicado da mesma.

2. Data límite de recepción: 19 de outubro de 2019.

3. Formulario-resumo: Enviarase por correo electrónico en ficheiro adxunto a: copgalicia@gal respectando o seguinte modelo:

a) Título (minúsculas, tipo oración, non todo en máiusculas).

b) Autor/ora ou autores/oras: Apelidos e inicial do nome de cada autor/ora separados con punto e coma.

c) Resumo: Máximo de 500 palabras en Times New Roman 12, cos apartados: Introducción/obxectivos, material e método, resultados, discusión/conclusións. Non pode incluír táboas nin figuras.

d) Persoa de contacto (preferentemente o primeiro autor/ora): profesión, lugar de traballo, teléfono de contacto e enderezo electrónico.

4. Aceptación: Os comités científico e organizador, tras a súa revisión, comunicarán a aceptación da comunicación libre ou póster á persoa de contacto antes do 31 de outubro de 2019. Para a aceptación da proposta é imprescindible que polo menos un dos/as autores/as teña formalizada a súa inscrición nas Xornadas antes da data límite de recepción das comunicacións libre e os pósteres.

5. Características do póster:

a) Idioma: galego ou castelán.

b) Tamaño máximo: 110 cm de alto x 90 cm de ancho.

c) Presentados cunha axeitada protección e correctamente identificados.

6. Recepción dos pósteres: O/A autor/ora ou autores/oras deberán entregalo persoalmente a máis tardar ás 9.30 horas do 15 de novembro na recepción das Xornadas para proceder á súa exposición.

7. Exposición dos pósteres: Os pósteres permanecerán expostos durante o transcurso das Xornadas. O venres 15 de novembro de 17:30 a 18:00 horas o autor/ora deberá responder ás posibles cuestións das persoas asistentes xunto ao seu póster.

8. Retirada: Os pósteres poderán ser retirados o sábado 16 de novembro entre as 13.30 e as 13.45 horas. En caso de non facelo, a organización non se fai responsable dos mesmos.

9. Presentación das comunicacións libres: Terá lugar o sábado 16 de novembro de 10:00 a 10:30 horas. O tempo dispoñible para a comunicación será confirmado xunto coa aceptación da mesma.

10. Permiso de publicación: O/A autor/ora ou autores/oras consenten a cesión dos dereitos da obra presentada, exclusivamente para os fins de publicación, ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que se fai responsable da súa edición e distribución.

11. Diploma acreditativo: Todas as persoas participantes das comunicacións libres e pósteres aceptados e expostos nas Xornadas recibirán un diploma, co título do póster e o nome do/a autor/ora ou autores/oras, acreditando que foi seleccionado e exposto nas XXIV Xornadas de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

12. O "Premio ao mellor póster científico nas XXIV Xornadas de Psicoloxía e Saúde do COPG", e o "Premio á mellor comunicación libre nas XXIV Xornadas de Psicoloxía e Saúde do COPG" será escollido entre todos os traballos por un xurado, composto como mínimo por un membro do Comité Científico, outro do Comité Organizador e o Presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

13. Cada traballo galardoado recibirá un Bono Formación da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por valor de 200 euros a repartir entre os/as autores/oras e a gastar nos anos 2020 e 2021. No diploma acreditativo da súa participación incluírase que foi recoñecido co premio. Así mesmo, os dous traballos gañadores serán publicados no Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde Nº 13 da Sección de Psicoloxía e Saúde, que sairá en 2020. O Consello de Redacción do Anuario porase en contacto cos/coas galardoados/as para facer as adaptacións pertinentes.